

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 23 DE FEBREIRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sanxenxo da estrada EP-9212 Noalla-Praia da Lanzada.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de implantación dunha fábrica multimolde en Vilalba (Lugo), promovido por Queserías Entrepinares.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a creación e consolidación de produto turístico sustentable, por importe total dun millón trinta e un mil setecentos euros (1.031.700,00€).
- Acordo polo que se dá conta da programación das actuacións que se levarán a cabo para a execución do Plan Xacobeo Next Generation, posta en valor de bens de interese cultural no Camiño de Santiago, por un importe total de vinte e tres millóns seiscentos noventa e tres mil cento catorce euros (23.693.114,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza someter a consulta pública previa a elaboración do anteproxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- Acordo polo que se toma razón da adquisición directa, con cargo ao programa de incremento do parque público de vivendas do Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, de vivendas de titularidade da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A, cedidas en usufruto ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, para o seu destino a alugueiro social, por un importe de tres millóns catrocentos noventa e seis mil cento noventa e dous euros con catorce céntimos (3.490.192,14€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Mellora viaria para o fomento da mobilidade sustentable na estrada PO-323 - 2ª fase (Vigo)".
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. VG-4.4 e AG-57".
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción "Sendas peonís na AC-542. Abegondo".

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón do balance do Programa Xempre Emprendemento, de apoio a iniciativas emprendedoras así como das actividades e dos proxectos de emprendemento impulsados pola Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego.
- Acordo polo que se toma razón do balance de actuacións, durante o ano 2022, do campus formativo en liña en materia de igualdade laboral así como da programación de actividades para o ano 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de xestión enerxética, mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos do Hospital Arquitecto Marcide e Hospital Naval dependentes da Área Sanitaria de Ferrol por un importe total de licitación de tres millóns novecentos noventa mil vinte euros con corenta e seis céntimos (3.990.020,46 €), e un valor estimado de cinco millóns oitocentos vinte e cinco mil seiscientos corenta e nove euros con setenta e un céntimos (5.825.649,71 €).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo Centro de Saúde, feita a título gratuito polo Concello de Meis a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial a persoas maiores en situación de dependencia en concellos da provincia de Lugo (expediente PA 22/2023). Importe de licitación: un millón oitocentos setenta mil cento noventa euros con corenta céntimos (1.870.190,40€). Valor estimado: cinco millóns trescentos noventa mil trescentos cincuenta e dous euros (5.390.352,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da situación do sector lácteo e da súa evolución no ano 2022.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a actividade da UPA en materia de violencia de xénero. Ano 2022.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución dos Fondos de Recuperación Next Generation e dos Fondos da Política de Cohesión.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o proceso electoral para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE SANXENXO DA ESTRADA PROVINCIAL EP-9212 ENTRE NOALLA E A PRAIA DA LANZADA

- Transfírese ao concello esta vía provincial entre os puntos quilométricos 0 e 1+224, tras a aprobación no Pleno da Deputación de Pontevedra
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- O Concello de Sanxenxo terá a competencia para actuar nesta vía e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sanxenxo da estrada provincial EP-9212, entre Noalla a Praia da Lanzada.

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra aprobou a transferencia ao Concello de Sanxenxo desta vía, entre o punto quilométrico 0 e o 1+224.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Sanxenxo terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE QUESERÍAS ENTREPINARES EN VILALBA

- Cun investimento de 19M€, inclúe a instalación dunha nova liña de fabricación de queixo no formato de tres quilogramos de peso, elaborado con leite de vaca, cabra e ovella, e nas variantes de tenro e semicurado
- A empresa dará resposta á demanda crecente dun produto que xa elabora nos seus centros de Valladolid e Madrid, permitindo deste xeito importantes aforros no custo do transporte e incrementando nun 32 % a capacidade de produción da planta lucense
- Encádrase nun sector que ten un carácter estratéxico para o rural de Galicia, como é o lácteo, que representa o 1,5 % do PIB da Comunidade
- O acordo do Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, reducindo á metade os prazos de tramitación e potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade
- Ata o de agora, son 19 iniciativas as que se adheriron a esta figura en Galicia

O Consello da Xunta declarou hoxe como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de Queserías Entrepinares para ampliar as súas instalacións en Vilalba. Cun investimento de 19 millóns de euros, a empresa busca instalar unha nova liña de fabricación de queixo no formato de tres quilogramos de peso, elaborado con leite de vaca, cabra e ovella, e nas variantes de tenro e semicurado.

A nova planta multimolde, anexa á actual, dará resposta á crecente demanda dun produto xa elaborado pola empresa, pero nas plantas que ten fóra de Galicia. Ata o de agora, a empresa recollía na Comunidade o 80 % deste produto que logo era enviado sen procesar aos seus centros de produción en Valladolid e Madrid. Con este proxecto, evitárase o transporte de gran parte do leite co consecuente aforro económico. Ademais, incrementarase nun 32 % a capacidade de produción de queixo nas instalacións de Vilalba.

Esta iniciativa de Queserías Entrepinares encádrase nun sector que ten un carácter estratéxico para o rural de Galicia, como é o lácteo galego, que representa o 1,5 % do PIB da Comunidade. Ademais, complementa a cadea de valor do leite, xa que contribúe a aumentar o valor engadido deste produto mediante a elaboración de queixos.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 19.125.000 euros); a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

creación de emprego mínimo (prevense 35 postos de traballo directo, indefinido e a xornada completa, o 57 % dirixido a mulleres); e complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos como é, neste caso, o lácteo.

Entrepinares está dando mostras da súa aposta por seguir mellorando a súa competitividade. Neste sentido, ademais deste proxecto de ampliación, é unha das empresas que participa en iniciativas que contan con fondos europeos. Neste sentido, cómpre lembrar que é unha das firmas incluídas no proxecto Smart4Cheese, con que se pretende impulsar a dixitalización no sector lácteo das queixerías.

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta -por proposta da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación- enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

Deste xeito xa son 19 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Naturgy Nuevas Energías (en Meirama, Cerceda), Kern Pharma (Monforte de Lemos) e agora Queserías Entrepinares (Vilalba).

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A RENOVACIÓN CO CLUSTER DE TURISMO PARA A CONSOLIDACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO SUSTENTABLE EN GALICIA

- Este convenio, con vixencia ata 2025, terá como finalidade establecer entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo unha serie de liñas de actuación para o fortalecemento e difusión da oferta turística sostible na nosa comunidade
- Con este novo convenio dáselle continuidade a aposta conxunta da Xunta de Galicia co sector turístico galego para a creación dun club de produto sustentable que permita dar resposta ás necesidades do viaxeiro actual

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia para a creación e consolidación do produto turístico sustentable da nosa Comunidade.

Este convenio, con vixencia ata 2025, terá como finalidade establecer entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia unha serie de liñas de actuación para o fortalecemento e difusión da oferta turística sustentable no sector turístico de Galicia.

Este convenio, que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025 cunha achega de 333.000 euros este ano, 343.900 euros no ano 2024 e 354.800 euros no 2025, incluírá accións relacionadas coa comunicación, a elaboración e creación de produto así como o soporte para a súa comercialización.

Con este convenio a Administración autonómica avanza na consolidación de Galicia como destino turístico sustentable, cumprindo cunha das liñas estratéxicas establecidas no Plan director 2021-2023 Galicia Destino Seguro, a da sustentabilidade 360°.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ COMEZO COAS ACTUACIÓNS NOS BENS DE INTERESE CULTURAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- Nos 12 BIC de titularidade pública galegos levaranse a cabo proxectos de mantemento e rehabilitación co obxecto de por en valor estes bens de interese cultural no Camiño de Santiago
- O obxectivo é executar estas actuacións no prazo máis breve posible, de maneira que se está a finalizar a redacción dos proxectos de obra para proceder as licitacións e posterior execución destas, coa premisa de comezalas a principios deste verán

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se toma razón da programación das actuacións para a posta en valor dos bens de interese cultural no Camiño de Santiago, que darán comezo este mesmo mes coas primeiras licitacións das actuacións. En total vaise actuar en 12 inmobles e mobilizarase un investimento preto de 23,7 millóns de euros, dos que 22,7 M € proceden de fondos europeos e preto de 1 millón de euros de fondos propios da Xunta de Galicia.

O obxectivo é poder executar estes investimentos no prazo máis breve posible, de maneira que se está a finalizar a redacción dos proxectos de obra para proceder as licitacións e posterior execución destas, coa premisa de comezalas a principios deste verán.

Estas actuacións permitirán poñer en valor o patrimonio histórico ao longo dos Camiños de Santiago a través da súa rehabilitación e incluíndo melloras de sustentabilidade, accesibilidade e eficiencia enerxética, así como medidas coas que impulsar a modernización ou dixitalización destes espazos.

Neste contexto, a Xunta de Galicia ten como obxectivo conservar os bens de interese cultural e permitir que poidan seguir sendo desfrutados polas xeracións futuras. Preténdese diversificar a oferta e desenvolver recursos turísticos, centrándose de xeito especial no investimento en zonas de menor densidade de poboación. Deste xeito, búscase a consolidación da poboación en zonas máis despoboadas e preténdese impulsar turisticamente esas poboacións e as súas comarcas.

Na provincia da Coruña levaranse a cabo melloras no Faro de Sálvora, que contará cun investimento de 1,4 millóns de euros dos cales a Xunta achega 600.000 euros de fondos propios. Concretamente, en Sálvora levaranse a cabo actuacións para a rexeneración ambiental e posta en valor do edificio, equipamento de eficiencia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enerxética, experiencias turísticas interactivas e deseño e obras no Faro para turismo científico e destino starlight.

A Torre de Hércules contará con actuacións de conservación e melloras na Torre, reforma da iluminación ornamental do monumento seguindo criterios de eficiencia enerxética, para o que se destinarán preto de 1 millón de euros-. No parque do Pasatempo de Betanzos levarase a cabo a restauración paisaxística de obras e infraestruturas, a recuperación de zonas húmidas degradadas e restauración do hábitat, plans de saneamento integral, iluminación eficiente do espazo do parque, desenvolvemento do sistema hídrico orixinal do parque apostando por fontes de enerxía renovable cun investimento de 1,5 millóns de euros.

Na provincia de Lugo, o casco histórico de Mondoñedo contará con 272.850 euros para proceder ao soterramento sustentable de cables, iluminación eficiente e instalación de puntos de acceso wifi; e na Ribeira Sacra faranse actuacións en Belesar e no Saviñao coa pavimentación das rúas en ambas as beiras do río, melloras na ponte, consolidación dos muros e creación de sendas peonís, con 1,4 millóns de euros de orzamento.

Na provincia de Ourense, a Fortaleza de Monterrei, co máximo investimento que acada os 14 millóns de euros para a rehabilitación da fortaleza, acometerase a restauración estrutural e paisaxística de diferentes puntos, un plan de mobilidade sustentable, a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos, a rehabilitación de espazos baixo sistemas de eficiencia enerxética, a dixitalización da oferta museística e de exposicións, e a dotación de aparcadoiros disuasorios, entre outras medidas.

E, finalmente, na provincia de Pontevedra levaranse actuacións na Ribeira do Lézrez desde As Xunqueiras ata As Aceñas, no concello de Pontevedra, no cal se procederá á restauración ambiental, á sinalización intelixente de espazos fluviais, á iluminación eficiente de espazos naturais e á creación e promoción de rutas turísticas, cun investimento de 1 millón de euros

No cárcere vello de Tui levarase a cabo unha rehabilitación sustentable do edificio, a dotación ecoeficiente do centro de interpretación, museografía dixital e promoción e márketing turístico con 400.000 euros de orzamento. No Castelo de Santa Cruz, no concello da Guarda, faranse actuacións de mellora na pavimentación dos accesos e na iluminación para por en valor o Castelo, cun investimento de 200.000 euros.

As Torres do Oeste situadas no concello de Catoira contarán cun investimento de 300.000 euros para o acondicionamento de accesos e mellora paisaxística, iluminación eficiente, museografía dixital e mellora da accesibilidade deste monumento histórico-artístico declarado Ben de Interese Cultural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na Casa de Valle Inclán, no concello de Vilanova de Arousa, as actuacións consisten na mellora e posta en valor da casa, con reparacións no interior e no exterior do conxunto, axardinamento e embelecemento paisaxístico, drenaxe e eliminación de humidades, iluminación con tecnoloxía LED e incorporación dun sistema de climatización. Conta con 432.150 euros.

Finalmente, no Arquipélago de Ons, executarase unha restauración de obras e infraestruturas, mellora da xestión de residuos, adecuación e mellora de camiños e sendeiros, implantación de medidas de protección medio ambiental, implantación de sinalización dixital e de ferramentas para a xestión de fluxos turísticos e control de capacidade de visitantes, cun investimento de preto de 1,8 millóns de euros, dos cales a Xunta achega 400.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPRARÁ 40 VIVENDAS POR PRETO DE 3,5 M€ PARA REFORZAR O PARQUE PÚBLICO RESIDENCIAL DE 16 CONCELLOS

- Os inmobles, propiedade da Sareb e cedidos temporalmente ao Instituto Galego da Vivenda e Solo en virtude dun convenio subscrito desde o ano 2015, cualificaranse como de promoción pública e destinaranse a alugueiro social a prezos accesibles
- Os actuais inquilinos son, na súa maior parte, familias afectadas por desafiuamentos ou en situación de vulnerabilidade, e tras a adquisición poderán seguir residindo nestas vivendas nas condicións fixadas para as vivendas protexidas
- O obxectivo é facilitar a permanencia dos adxudicatarios nos seus fogares e incrementar o parque propiedade da Xunta en municipios onde existe demanda
- Estes inmobles sumaranse aos 55 adquiridos a Abanca o pasado mes de xaneiro polo que, en total, o Goberno galego disporá de 95 vivendas de promoción pública máis

A Xunta de Galicia comprará un total de 40 vivendas por case 3,5 millóns de euros co fin de reforzar o seu parque público destinado a alugueiro social en 16 concellos galegos onde está constatada a existencia deste tipo de demanda.

Tras informar hoxe ao Consello do acordo acadado para formalizar a adquisición, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) está xa en disposición de asinar as escrituras coa actual propietaria: a entidade financeira Sareb. Unha vez formalizada a compravenda, que se enmarca no programa para o incremento do parque público do Plan para o acceso á vivenda 2022-2025, todos estes inmobles pasarán a ser cualificados como de promoción pública e destinaranse a alugueiro social a prezos accesibles.

Cómpre precisar que o IGVS xa tiña cedida a xestión destas 40 vivendas en virtude dun convenio coa Sareb que se remonta ao ano 2015 e cuxo fin era o de garantir que tanto persoas e familias afectadas por execucións hipotecarias mantivesen a súa vivenda habitual, como que colectivos desfavorecidos ou en situación de exclusión tivesen acceso a un contrato de alugueiro a prezos reducidos.

Neste sentido, os inquilinos que ocupan actualmente estes inmobles e que, na súa maior parte, se corresponden con persoas en situación de vulnerabilidade poderán seguir vivindo neles unha vez sexan propiedade da Xunta nas condicións establecidas para as vivendas de promoción pública.

De feito, un dos obxectivos con que o IGVS promove esta operación de compravenda é o de facilitar a permanencia nos seus fogares de persoas vulnerables ou que se visen

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

afectadas por un desafiuzamento ou unha execución hipotecaria no seu día e que, por conseguinte, necesitan un alugueiro social.

Así mesmo, a Xunta tamén busca avanzar no seu obxectivo de incrementar o parque público residencial baixo a súa titularidade, reforzando a oferta naqueles municipios onde sigue existindo demanda de vivendas protexidas en réxime de alugueiro.

O acordo con Sareb chega un mes despois de que o IGVS formalizase tamén a compra doutras 55 vivendas propiedade de Abanca por un importe global de 3,9 millóns de euros. Deste xeito e grazas a ambas operacións, o Goberno galego sumará este ano ao seu parque público residencial –que na actualidade rolda as 3.700 vivendas– un total de 95 inmobles localizados en preto de 40 concellos.

A continuación detállanse os municipios e as vivendas propiedade da Sareb que o IGVS adquirirá nas vindeiras semanas.

CONCELLO	NÚMERO DE VIVENDAS
A Coruña	1
Arteixo	1
Cedeira	2
Cee	2
Culleredo	3
Miño	2
Narón	2
Lalín	1
Poio	1
Ponteareas	1
O Porriño	3
Salceda de Caselas	2
Salvaterra de Miño	3
Silleda	2
Vigo	10

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Vilagarcía de Arousa	4
TOTAL	40

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA IMPULSA UNHA REFORMA NORMATIVA PARA FACILITAR O CAMBIO DE USO DE BAIXOS COMERCIAIS A VIVENDAS

- Asegura que o obxectivo é “posibilitar o uso residencial” cando non hai uso comercial
- Subliña que o Consello acorda iniciar a tramitación do decreto que revisará e actualizará as normas de habitabilidade de Galicia, aprobadas hai 13 anos, xa que algúns requisitos eran “moi estrictos” e xa quedaron “obsoletos”
- Co fin de contrarrestar o abandono de locais de uso comercial en contornas urbanas e incrementar o actual parque de vivendas, propónse favorecer a súa reconversión con fins residenciais, permitindo aos concellos facer excepcións e simplificar as esixencias de adaptación en determinados ámbitos, sempre que estea xustificado
- Tamén se queren introducir modificacións nos requisitos que debe cumprir unha vivenda para ser considerada exterior e outras coas que se pretenden flexibilizar ou clarificar cuestións funcionais que afectan á habitabilidade dos domicilios
- Todos os cambios foron analizados e debatidos no seo do Observatorio de Vivenda de Galicia e someteranse desde mañá a consulta pública previa para recadar a opinión de profesionais, administracións públicas e cidadanía en xeral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego impulsará este ano un cambio na normativa de habitabilidade de Galicia co obxectivo de facilitar e permitir, en determinados supostos, que baixos comerciais abandonados ou sen actividade en contornas urbanas poidan renunciar ao seu uso orixinal para reconverterse en vivendas. Ademais, tal e como explicou Rueda, a Xunta tamén busca “actualizar unha normativa” que foi aprobada hai 13 anos e que incorpora “requisitos moi estrictos e obsoletos” de cara a rehabilitación ou reforma dunha vivenda.

O Consello acordou hoxe iniciar a tramitación do decreto que vai modificar as actuais Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, aprobadas en 2010. “O que buscamos é que se un baixo non vai ter uso comercial, poida ter un uso residencial”, indicou Rueda, é dicir, “non se trata de evitar o uso comercial dos locais senón de posibilitar outros”. Isto, resaltou, vai favorecer, por unha banda, que aumente a oferta de vivendas dispoñibles para a cidadanía e, por outra, “evitar a sensación de degradación que produce ter moitos baixos abandonados tanto no centro como nos barrios das cidades”.

Cómpre subliñar que agora existe xa a posibilidade de adaptar baixos comerciais para destinalos a uso residencial, pero esta adaptación queda impedida ás veces polo feito de que a normativa actual de habitabilidade esixe que se cumpran unha serie de condicións bastante estrictas para garantir a protección das vistas das vivendas desde o exterior.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso, un dos cambios que se quere introducir favorecerá a reconversión de baixos en vivendas cando se dean este tipo de situacións, permitindo aos concellos facer excepcións e simplificar as esixencias de adaptación necesarias para garantir a intimidade dos residentes en determinados ámbitos, sempre que estea debidamente xustificado por motivos urbanísticos ou de protección patrimonial.

A tal fin, manterase con carácter xeral a esixencia de protección das vistas nas vivendas reconvertidas a partir de baixos comerciais, pero as administracións locais poderán eximir ou matizar este requisito dentro de determinados ámbitos a través da tramitación dun anexo de habitabilidade, figura xa contemplada no decreto actual, pero cun alcance moi limitado e que se pretende agora estender a través desta modificación. Un exemplo, explicou o presidente, sería naqueles baixos "nos que non é posible subir a altura das fiestras", pero si instalar algún sistema para evitar ser vistos desde fóra.

Así mesmo, tamén se queren flexibilizar os requisitos que debe cumprir unha vivenda para ser considerada exterior, esixencia prevista nas normas de habitabilidade vixentes. Na práctica, isto tradúcese en que algunha das estancias debe abrirse necesariamente a espazos exteriores que veñen definidos nos instrumentos urbanísticos municipais. Co cambio proposto facilitarase e axilizarase a súa delimitación ao permitir aos concellos definir estes espazos sen ter que facer unha modificación urbanística.

De igual xeito e tendo en conta que a normativa regula as condicións de habitabilidade que deben cumprir tanto vivendas novas como rehabilitadas, flexibilizaranse igualmente as esixencias aplicables no caso de remodelacións que acometan os propietarios para uso propio co fin de garantir que os inmobles se adecúen ás súas necesidades concretas.

Por último, tal e como explicou Rueda, a modificación prevista prevé eliminar tamén aspectos que poidan ser redundantes co resto da lexislación sectorial, así como clarificar e adecuar cuestións funcionais que afectan á habitabilidade dos domicilios para adaptalas ás circunstancias actuais do mercado como poden ser, por exemplo, "a disposición dos elementos nos baños e aseos" das vivendas ou certas determinacións relativas a tendais e lavadoiros.

Cambios moi debatidos

Todos os cambios que se queren incluír nas actuais normas de habitabilidade foron analizados e debatidos no seo do Observatorio de Vivenda de Galicia e tamén no Comité asesor de habitabilidade, un órgano de carácter consultivo que mantivo tres reunións o ano pasado co fin de concretar os posibles cambios e melloras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Logo deste proceso e tras recibir hoxe o visto bo do Consello da Xunta, o anteproxecto de decreto polo que se modifican as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia someterase desde mañá e ata o vindeiro 13 de marzo a consulta pública previa co fin de recadar a opinión de profesionais, administracións públicas e cidadanía en xeral sobre a oportunidade desta revisión e os seus obxectivos concretos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DA 2ª FASE DE HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DE GALICIA EN TEIS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 4,1 M€ NO CONCELLO DE VIGO

- Autorízanse as expropiacións para esta nova actuación na PO-323, que completará as obras da 1ª fase no treito desde a avenida da Mariña Española ao IES de Teis, con 2,45M€ de investimento e cuxo inicio se prevé na segunda quincena de abril
- Nesta 2ª fase actuarase no treito de 1,56 quilómetros, desde o límite do termo municipal de Vigo co concello de Redondela ata o IES de Teis
- Mellorarase a mobilidade interna na cidade de Vigo, para o que se realizarán conexións coa trama urbana de beiravías existentes e con itinerarios alternativos como a vía verde, priorizando os peóns e fomentando a mobilidade segura e sustentable
- Habilitaranse tres zonas de aparcadoiros, cun balance da actuación que incrementará nun 38 % o número de prazas dispoñibles actualmente
- Tras a análise das achegas recibidas, incorpórase ao proxecto o retranqueo da fachada dunha vivenda para gañar espazo para a beirarrúa e reforzase a semaforización no acceso ao Colexio Público San Salvador
- Tamén se mellorará a instalación semafórica no cruzamento entre Baixada á Rotea e a avenida de Galicia
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras en marzo e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre deste ano, co obxectivo de comezar os traballos no outono
- A Xunta leva investido desde 2009 na rede autonómica de estradas en Vigo máis de 25 M€, que superan os 29 M€ coa 2ª fase da humanización da PO-323 e chegan aos 32,6 M€ coa mellora da mobilidade peonil e ciclista no borde portuario da cidade

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do proxecto de construción das obras da 2ª fase do proxecto de humanización da avenida de Galicia, completando así a remodelación para os veciños deste eixe vertebrador da parroquia de Teis, no Concello de Vigo.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta 2ª actuación na estrada PO-323 será de 4,1 M€, no que se inclúe o pagamento dos 54 predios necesarios para a execución desta nova intervención nesta estrada da Xunta, vía de entrada na cidade.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dos terreos necesarios para executar esta nova intervención, que ten como obxectivo fomentar a mobilidade sustentable na zona.

Esta nova intervención completará as actuacións, xa licitadas e en fase de análise de ofertas, da 1ª fase de humanización desta vía no treito de 500 metros que vai desde a avenida da Mariña Española ao IES de Teis, cun investimento da Xunta de 2,45 M€. Prevese que as actuacións desta 1ª fase comecen na segunda quincena do vindeiro mes de abril.

Máis concretamente, esta 2ª fase de humanización da PO-323 céntrase no treito de 1,56 quilómetros comprendido entre o límite municipal de Vigo co municipio de Redondela ata o IES de Teis, tendo como obxectivo o reforzo da seguridade viaria, priorizando os peóns, nesta vía de acceso á cidade con características urbanas.

O proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta configúrase para fomentar a mobilidade segura e sustentable, así como para mellorar a mobilidade interna na cidade de Vigo, para o que se realizarán conexións coa trama urbana de beiravías existentes e con itinerarios alternativos, como a senda da vía verde.

Nesta actuación incluírase a reposición de pavimento dos itinerarios existentes, a execución de zonas de aparcadoiros e a habilitación de pasos peonís sobreelevados nas interseccións que permitan a interconexión con outros itinerarios peonís. Nas zonas onde o espazo dispoñible o permite, dispórase unha zona arborizada.

Ademais, non se prevén cambios sobre o trazado en planta, senón unha redistribución das seccións para habilitar itinerarios e os elementos funcionais, e tamén se mantén a rasante da estrada existente.

Novos aparcadoiros e 75 prazas máis

En canto aos novos aparcadoiros, está previsto dotar tres novas zonas cun total de 167 prazas, o que unido ás prazas que se conservarán nas marxes da estrada, implica que haberá 273 prazas no ámbito da obra. Así, gañarase 75 prazas con respecto ás 198 actuais, un incremento do 38 %.

Tras a análise das achegas recibidas, procederase a retranquear o saínte da vivenda no número 293 da avenida de Galicia, igualándoo coa aliñación da edificación contigua. Tamén se valorará a expropiación do terreo e a expropiación da parte da vivenda que se vai demoler, e incluírase a reconstrución do resto da vivenda, dentro das obras que se van realizar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como resultado das alegacións, tamén se levará a cabo o reforzo da semaforización no acceso ao Colexio Público San Salvador e a mellora de instalación semafórica no cruzamento entre Baixada á Rotea e a avenida de Galicia.

A Xunta impulsa esta actuación ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration-EU.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras no mes de marzo, e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre deste ano, co obxectivo de comezar os traballos no outono. A actuación ten un prazo de execución de 14 meses.


O Goberno galego continúa traballando no mantemento e mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios.

En concreto, a Xunta leva investido desde abril de 2009 na rede autonómica de estradas en Vigo máis de 25 M€; coa 2ª fase da humanización da PO-323 superáranse os 29 M€ de investimento; e sumada a achega para a mellora da mobilidade peonil e ciclista no borde portuario da cidade acadáranse os 32,6 M€ investidos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de planta da actuación:



Imaxe da transformación proposta coa intervención aprobada hoxe no Consello da Xunta:

ESTADO ACTUAL



ESTADO PROPOSTO



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE 2 APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO EN MARÍN E NIGRÁN, CUN INVESTIMENTO DE CASE DE 1,3 M€

- Construírse un aparcadoiro de 82 prazas na zona de Ameal, nas inmediacións da Variante de Marín e da vía provincial EP-1202, e outro de 72 prazas en Nigrán, no enlace da PO-340 coa autoestrada do Val Miñor
- O aparcadoiro de Marín incorporará a disposición dunha marquesiña para facilitar o acceso e espera das liñas de autobús neste punto, atendendo á petición do Concello
- Ambos os estacionamentos constarán de prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida
- O Goberno galego segue avanzando nos proxectos promovidos ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas contornas das cidades e vilas galegas, aos cales se destinará este ano un investimento de 29,3 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para a execución de dous aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido, asociados á implantación de zonas de baixas emisións, nos concellos de Marín e Nigrán, que suporán un investimento de case 1,3 millóns de euros.

O Goberno galego dálle así luz verde ao impulso destes aparcadoiros, que ofrecerán en conxunto un total de 154 prazas de estacionamento.

Un dos aparcadoiros localizarase na contorna do núcleo de Ameal, no concello de Marín, e contará cun investimento de 610.630 euros.

Esta actuación, nas inmediacións da Variante de Marín (VG-4.4) e da vía provincial EP-1202, disporá dunha superficie de 3.000 m² e dun total de 82 prazas, 79 en batería e 3 en liña. Tres desas prazas serán para persoas con mobilidade reducida e haberá preinstalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos.

As prazas de aparcamento terán unhas dimensións de 2,5 por 5 metros, mentres que os carrís de circulación interiores disporán de 4,2 metros de anchura cun só sentido de circulación. Paralelamente, haberá itinerarios peonís de 1,8 metros de anchura para garantir unha mobilidade segura no seu interior, zonas arborizadas e iluminación pública e, no bordo, as correspondentes beirarrúas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, por petición do Concello, o proxecto incorporará a disposición dunha marquesiña para facilitar o acceso e espera das liñas de autobús neste punto.

O segundo aparcadoiro previsto habilitarase en Nigrán, concretamente no enlace da estrada PO-340 coa autoestrada do Val Miñor e adxacente á peaxe da saída A Ramallosa-Gondomar.

Este aparcadoiro disuasorio, con 72 prazas e un investimento de preto de 685.000 euros, reservará 2 prazas para persoas con mobilidade reducida e disporá da preinstalación para 3 puntos de recarga para vehículos eléctricos.

Este novo aparcadoiro, que busca facilitar o emprego do vehículo compartido e reducir a presenza dos coches no centro da vila, situarase na zona próxima ao punto quilométrico 8+800 e contará cunha superficie total de 3.500 m².

Contará, ademais, dunha franxa perimetral interior adxacente ás prazas para os itinerarios peonís e carrís de circulación dun mínimo de 3 metros de largo e de sentido único.

No centro do aparcadoiro e na zona norte proxéctanse zonas verdes para a colocación de árbores e aluminação, que irán separadas das prazas por un bordo.

Ademais da aprobación do proxecto de trazado, o Consello da Xunta tamén autorizou hoxe os expedientes de información pública destas dúas intervencións.

Estas actuacións forman parte dos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia Next Generation UE no impulso da transformación da mobilidade nas contornas urbanas, apostando por desprazamentos máis limpos e sostibles, aos que destinará este ano 29,3 M€.

No marco destes proxectos, a Xunta inclúe os aparcadoiros disuasorios, as sendas nas contornas das grandes cidades, a mellora da seguridade e da accesibilidade nas paradas de autobús nas estradas autonómicas ou os investimentos nas estacións intermodais, como a da Coruña, agora mesmo en execución.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de planta do aparcadoiro disuasorio en Nigrán:



Plano de planta do aparcadoiro disuasorio en Marín:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DAS NOVAS SENDAS DE MABEGONDO E DE MONTOUTO, NO CONCELLO DE ABEGONDO, CUN INVESTIMENTO QUE ROLDA OS 550.000 €

- O Goberno galego autoriza as expropiacións para executar un treito de senda na AC-542 en Mabegondo, entre a intersección coa AC-221 e a glorieta cara á estrada provincial, e outro en Montouto, que finalizará no cruzamento coa vía provincial
- Dotarase ao municipio coruñés dun total de máis de 900 metros de itinerarios peonís para que os veciños poidan facer os seus desprazamentos cotiáns de xeito máis seguro, saudable e sustentable
- A previsión é licitar as obras e convocar as expropiacións no segundo trimestre do ano, co obxectivo de iniciar os traballos no outono cun prazo de 6 meses
- A Xunta segue traballando para reforzar a seguridade dos peóns, usuarios vulnerables das estradas, así como para dar continuidade a treitos de senda que xa executou en colaboración co Concello

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de construción dos novos itinerarios peonís de Mabegondo e de Montouto, no concello de Abegondo.

O investimento que o Goberno galego destinará a estas novas sendas na estrada autonómica AC-542 ao paso polo municipio coruñés será de 547.525 euros, incluíndo o pagamento dos 19 predios necesarios para impulsar esta actuación.

Mediante esta nova intervención de mellora da mobilidade peonil e de reforzo da seguridade viaria, a Xunta habilitará dous treitos de senda na marxe dereita desta vía autonómica, independentes entre si, que se executarán nas parroquias de Mabegondo e de Montouto.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar unha intervención que favorecerá os desprazamentos cotiáns dos veciños dun xeito máis seguro, saudable e sustentable.

Máis en detalle, no treito de Mabegondo, actualmente hai beirarrúas e aparcadoiros en liña na marxe esquerda, pero en Montouto non hai beirarrúas en ningunha das marxes, polo que cómpre dotar sendas polas que os veciños poidan transitar a pé con seguridade.

En Mabegondo construírse unha senda entre a intersección coa estrada AC-221 e a glorieta situada na intersección coa estrada provincial. O itinerario terá 430 metros de lonxitude.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na parroquia de Montouto, executarase un itinerario de 480 metros que finalizará no cruce coa estrada provincial.

De acordo co proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, en total executaranse máis de 900 metros de senda cunha anchura de 2,5 metros, aínda que nalguna zona concreta disporase dun largo algo inferior. En concreto, no itinerario de Mabegondo hai unha zona na que a senda terá 2 metros de largop para evitar a demolición do peche que delimita o aparcadoiro do supermercado.

Os novos itinerarios executaranse en formigón e irán elevados sobre o actual firme da estrada.

Ao longo do trazado dos itinerarios disporanse colectores para a canalización das augas pluviais, que serán recollidas en sumidoiros, que se construírán cada 30 metros no bordo da estrada. Completaranse os traballos co desmonte e a substitución de biondas e das varandas e coa ampliación da drenaxe transversal no tramo de Montouto.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre de 2023, co obxectivo de iniciar os traballos no outono. A actuación ten un prazo de execución de 6 meses.

O Goberno galego segue traballando para reforzar a seguridade dos peóns, usuarios vulnerables das estradas, así como para dar continuidade a treitos de senda que xa executou en colaboración co Concello.

Planos de situación da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta de situación



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NOVO PROGRAMA 'XEMPRE EMPRENDEMENTO' SUPEROU AS 1.100 ACHEGAS AO INVESTIMENTO PARA EMPRESAS E PROFESIONAIS AUTÓNOMOS EN 2022 POR VALOR DE 10M€

- Concedéronse axudas ao 100 % das solicitudes recibidas que cumpriron cos requisitos
- A achega media desta liña coa que o Goberno galego axudou aos novos negocios nados a partir do 1 de xaneiro de 2020, coa pandemia, situouse nos 8.716 euros
- O 71 % dos proxectos beneficiarios desta liña corresponderon a persoas traballadoras autónomas e pemes, cunha presenza destacada dos sectores hostaleiro e comercial
- A Xunta reeditará en 2023 esta liña de apoios encamiñada a axudar cos gastos de inicio de actividade emprendedora e impulsar os investimentos
- O Consello da Xunta tomou razón do balance desta liña e da actividade despregada polos Polos de emprendemento e apoio ao emprego en 2022 con 141 proxectos en activo emanados dos 5 polos abertos ata o momento

O Consello da Xunta deu visto e praxe ao balance da nova liña de axudas *Xempre Emprendemento* coa que o Goberno autonómico quixo apoiar nos seus gastos as persoas que emprenderon no contexto da pandemia (a partir do 1 de xaneiro de 2020) e que permitiu dar cobertura ao 100 % das solicitudes que cumpriron requisitos. Foron en total 1.146 as achegas realizadas que como media supuxeron unha inxección de 8.716€.

Esta liña creada o ano pasado naceu para axudar a financiar investimentos realizados para o emprendemento no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data de presentación da solicitude. Tratouse de impulsar as novas iniciativas empresariais para contribuír ao incremento da actividade económica e á mellora da competitividade destes negocios, así como de manter empregos de calidade. Dado o éxito colleitado, a liña será reeditada en 2023.

Das 1.146 solicitudes concedidas, o 71 % pertenceron a profesionais do traballo autónomo (38 %) e a pemes (33 %). Tamén entidades da economía social podían acceder a elas, polo que se contabilizaron 32 cooperativas beneficiarias (2 % do total) e 76 sociedades laborais, civís e comunidades de bens (o 5,25 %).

As axudas tiveron impacto en 202 concellos galegos, coa maior porcentaxe de proxectos emprendedores apoiados nas provincias de Pontevedra e Coruña (459 e 416, respectivamente).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por ámbitos de actividade, destacaron o sector da hostalaría (con 251 apoios recibidos) e o do comercio por xunto e polo miúdo (152).

Xempre Emprendemento permitiu ás persoas beneficiarias financiar investimentos xa realizados (debidamente xustificados mediante factura) en equipamento informático, melloras da eficiencia enerxética, adquisición de mobiliario, reforma e/ou habilitación de locais ou adquisición de equipamentos de segunda man para o negocio, entre outros. Entre os conceptos máis habituais destacaron, sobre todo, a adquisición de bens de equipamento e mobiliario e reforma e habilitación de instalacións.

Polos de emprendemento

A Xunta completará en 2023, por outra banda, o despregamento da súa Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego por toda a xeografía galega, coa posta en marcha de sete novos espazos nas catro provincias que sumados aos 5 activados no último semestre de 2022 darán cobertura ao 100 % dos concellos.

Na actualidade e tras a súa apertura en 2022 están en marcha os polos Costa da Morte (en Coristanco), Rías Altas de Arco Ártabro (en Ferrol), Lugo Sur (en Monforte de Lemos), Ourense Centro e Sur (en Verín) e Pontevedra Norte e Rías Baixas (en Silleda). Nestes puntos recibiron asesoramento en 2022 un total de 151 proxectos empresariais, dos cales 141 se atopan activos na actualidade, repartidos en 13 sectores de actividade.

Un total de 166 persoas foron beneficiarias dos servizos da Rede autonómica de polos de emprendemento, entre as que destaca unha maior participación de mulleres que de homes: 90 fronte a 76.

Nos primeiros meses de funcionamento, os polos prestaron asesoramento individualizado a través de 529 sesións de titorización. Para contribuír a divulgar e conectar os polos coas entidades do territorio, impulsar a creación de sinerxías e a detección e aproveitamento de novas oportunidades, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade visitou 20 concellos e mantivo contacto con 15 asociacións empresariais e 7 grupos de desenvolvemento local, ademais de asistir a congresos e xornadas e organizar sesións de traballo en sete centros educativos para o fomento da cultura emprendedora.

Para seguir a avanzar na Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego, para 2023 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade disporá de 9,2 millóns de euros, dos cales 1,3 millóns de euros son exclusivamente para o mantemento e posta en marcha dos Polos, mentres que os outros 7,9 millóns de euros destinaranse a axudas ao

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulso efectivo da xeración de emprego de calidade en iniciativas vinculadas ao territorio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DOBRARÁ ESTE ANO O NÚMERO DE CURSOS DE FORMACIÓN DO CAMPUS VIRTUAL EN IGUALDADE LABORAL QUE CONTA XA CON MÁIS DE 3.000 PERSOAS USUARIAS

- O Consello da Xunta abordou hoxe a programación deste espazo dixital para 2023 e o balance das accións que se realizaron desde que arrancou a iniciativa a finais do 2021
- Para o primeiro semestre do ano están planificadas 28 accións formativas, que se espera que cheguen ás 40 a finais de 2023, con novas temáticas como son a desconexión dixital, a protección social e igualdade e o tratamento da violencia de xénero desde a perspectiva das empresas
- Preto de 2.800 persoas inscribíronse en 2022 ao campus que ofertou 20 cursos en 37 sesións en liña
- Trátase dunha iniciativa pioneira no Estado, o primeiro campus virtual de formación en igualdade laboral que desenvolve unha Administración autonómica, para formar e sensibilizar a profesionais e á cidadanía en xeral na igualdade de oportunidades
- A Xunta está investir este ano na Dirección Xeral de Relacións Laborais máis de 8,1 millóns de euros para impulsar, entre outros, a igualdade efectiva entre mulleres e homes no eido laboral

O campus virtual de formación en igualdade laboral e relacións laborais da Xunta conta na actualidade con máis de 3.000 usuarios que poden acceder aos cursos e obradoiros que ofrece a través deste espazo dixital a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a profesionais e á cidadanía en xeral co principal reto de avanzar na igualdade efectiva entre mulleres e homes no eido laboral. O Goberno galego prevé que neste 2023 o campus peche con máis usuarios que en 2022 que acadou os preto de 2.800 persoas.

A cualificación que se imparte a través desta iniciativa, que se puxo en marcha a finais de 2021, está adaptada aos requisitos dos profesores e das persoas participantes, ofrecendo accións formativas dun xeito gratuíto enmarcadas en diferentes ámbitos como son, entre outros, a conciliación e a corresponsabilidade, o rexistro retributivo, os plans de igualdade o acoso laboral ou o teletraballo.

Nos seis primeiros meses de 2023, tal e como se abordou hoxe no Consello da Xunta, están planificadas un total de 28 actuacións (18 cursos formativos e 10 obradoiros) con 46 sesións en liña que inclúen novas temáticas como son, entre outras, a desconexión dixital, a protección social e igualdade e o tratamento da violencia de xénero desde a perspectiva das empresas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este ano, así mesmo, está previsto o desenvolvemento de accións formativas en materia de prevención e tratamento do acoso sexual e por razón de sexo no traballo para as asociacións que traballan en Galicia con persoas con Síndrome de Down.

A estimación é que ao longo de todo este ano estas accións aumenten ata acadar as 40, dobrando, deste xeito, o número das que se levaron a cabo en 2022, que se pechou con 20 accións formativas (11 cursos e 9 obradoiros) a través de 37 sesións en liña.

O campus virtual de formación en igualdade laboral e relacións laborais é unha iniciativa pioneira no Estado, o primeiro destas características que puxo en marcha unha Administración autonómica en 2021, para integrar a igualdade laboral en todos os ámbitos da sociedade, facilitando unha formación para incorporar a diversidade e a non discriminación na práctica profesional, impulsando, así, un tecido empresarial máis responsable e un emprego de calidade. Deseñouse cun carácter innovador no que primou a construción dun espazo de aprendizaxe estruturado, accesible e útil.

A Xunta de Galicia está impulsando a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais á que destina este ano máis de 8,1 millóns de euros. Este orzamento inclúe, ademais da partida destinada ao campus de formación, diferentes programas de axudas como o dirixido a promocionar en empresas e autónomos a elaboración de plans de igualdade, a Responsabilidade Social Empresarial (RSE) e a implantación de medidas encamiñadas a favorecer a flexibilidade e a conciliación da vida laboral, persoal e familiar; os apoios para plans de formación centrados na capacitación no eido do diálogo social e a negociación colectiva; ou as axudas para a creación ou a posta en funcionamento de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral e de oportunidades.

O benestar laboral é tamén un concepto polo que avoga o Goberno galego e que se inclúe na futura Lei autonómica de igualdade, xa que é clave para captar reter talento, así como a equiparación salarial e a eliminación das discriminacións laborais por razón de xénero que marcan a axenda de traballo da Xunta de Galicia neste eido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN ENERXÉTICA, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DOS HOSPITAIS ARQUITECTO MARCIDE E NAVAL DE FERROL

- O contrato, cunha duración de 3 anos, supera os 3,9 millóns de euros e inclúe o servizo de xestión enerxética co obxectivo de optimizar o consumo nas instalacións eléctricas, de auga quente, climatización e vapor destes centros sanitarios
- Esta nova contratación xa non inclúe a subministración enerxética do complexo hospitalario, ao ter pasado desde abril de 2022 a depender dos contratos centralizados da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), e co que se conseguiu un aforro de máis de 2,8 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de xestión enerxética, mantemento e conservación das instalacións dos hospitais Arquitecto Marcide e do Hospital Naval, dependentes da área sanitaria de Ferrol, por un total de 3.990.020 euros e por un período de 3 anos.

O expediente autorizado polo Goberno galego inclúe a xestión enerxética, o mantemento e a conservación dos edificios, instalacións e equipamentos incluídos no ámbito de actuación destes centros sanitarios.

Cómpre sinalar que desde o 7 de abril de 2022, a subministración enerxética prestacional destes hospitais está incluída nos contratos centralizados da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) de subministración de gas natural, canalizado e licuado, e de enerxía eléctrica.

Desde a incorporación de ambos os dous hospitais aos contratos centralizados da Redexga de electricidade e gas natural (GN), os aforros estimados calculados respecto dos prezos medios dos mercados durante o ano 2022 son de 904.372 euros no caso do Hospital Naval e de 1,9M€ no Arquitecto Marcide.

Non obstante, segue manténdose a necesidade da licitación da contratación do servizo de xestión enerxética, mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipamentos do Hospital Arquitecto Marcide e do Hospital Naval da Área Sanitaria de Ferrol.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Concretamente, a contratación abrangue a xestión da eficiencia enerxética para a optimización do consumo nas instalacións eléctricas, auga quente, climatización e vapor; mentres que o servizo de mantemento comprende o desenvolvemento das operacións necesarias de mantemento, conservación dos edificios, instalacións e equipamentos dos centros incluídos no ámbito de actuación da área sanitaria de Ferrol.

Así mesmo, a empresa adxudicataria poderá propoñer e executar ao seu cargo, logo da aprobación da área sanitaria, todas aquelas melloras, ampliacións, actualizacións, reformas e modificacións en edificios, equipamentos e instalacións que xulgue necesarias para mellorar as prestacións e rendementos enerxéticos dos centros.

Esta actuación aprobada pola Xunta complementa tamén aquelas liñas de traballo que a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, ten posto en marcha no eido da mellora continua da calidade asistencial e da sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE MEIS COA ACEPTACIÓN DA PARCELA DE 1.931 m² CEDIDA POLO CONCELLO

- O Consello da Xunta autoriza a aceptación da cesión do terreo, situado no lugar de Rial, na parroquia de San Lourenzo de Nogueira, que albergará a nova infraestrutura
- O centro de saúde xorde de unificar a atención dos 3 centros existentes nunha única infraestrutura sanitaria, que permitirá contar con novos espazos e mellorar a prestación da asistencia sanitaria á cidadanía

O Consello da Xunta aceptou na súa reunión de hoxe a cesión dun terreo de 1.931 m² situado no lugar de Rial, na parroquia de San Lorenzo de Nogueira, no Concello de Meis, onde se construíra o novo centro de saúde deste municipio da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

Paralelamente, o goberno galego xa está dando trámite administrativo á encomenda de xestión por parte da Consellería de Sanidade á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para que esta axencia poida encargarse da xestión das actuacións en relación coa redacción do proxecto e a execución das obras de construción deste novo centro de saúde, de xeito que unha vez esta encomenda de xestión estea aprobada e publicada no *Diario Oficial de Galicia*, a AXI poida iniciar a licitación, en primeiro lugar, do proxecto arquitectónico do edificio.

A execución desta infraestrutura é froito do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Meis en outubro de 2022 para dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación mediante a mellora das dotacións e infraestruturas dedicadas á atención asistencial do Concello.

O novo centro de saúde de Meis figura na fase 2 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria aprobado polo Consello da Xunta en outubro de 2021. Na diagnose do Plan priorizouse a construción do novo centro de saúde ante a necesidade de unificar a atención dos 3 centros existentes nunha única infraestrutura sanitaria, que permitirá poder contar con novos espazos para a prestación da asistencia sanitaria.

O plan funcional prevé unhas novas instalacións que contarán con 3 consultas de medicina, 3 de enfermaría, 1 sala polivalente, 1 sala de toma de mostras e área pediátrica con 2 consultas, 1 consulta de matrona e sala de educación sanitaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No convenio de colaboración asinado en outubro de 2022, a Administración autonómica asume o compromiso de contratar o proxecto e a obra, mentres que o concello asume o de realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que necesarios a fin de posibilitar a cesión gratuíta da parcela, de 1.931 m², ademais de asumir a exención do IBI e recoller a bonificación do 95 % para obras de especial interese municipal, así como dar á obra do novo centro de saúde dita consideración.

Previamente, no mes de abril, a Administración autonómica e o Goberno local asinaron un protocolo en virtude do cal o Concello de Meis iniciou a adquisición das parcelas necesarias para poder construír o novo centro de saúde, parcelas que hoxe cede á Xunta de Galicia.

Renovación de infraestruturas de atención primaria

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 110 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 75.000 metros cadrados. A eles hai que engadir as 4 que están en marcha (construción do CIS de Lugo e do CIS de Lalín e reformas en Arnoia e O Porriño). En total, a Administración autonómica investiu, nestes 13 anos, máis de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

En particular, na provincia de Pontevedra, nos últimos anos puxéronse en marcha novos centros de saúde como os da Parda (Pontevedra), Tenorio (Cerdedo-Cotobade), Vilalonga (Sanxenxo), San Paio de Navia (Vigo), Taboada Leal (Vigo), Panxón (Nigrán), Marín, Oia, Salceda de Caselas, Tui, Gondomar, A Estrada e Bouzas (Vigo), e as reformas de Vilaboa, Illa de Arousa, Tomiño, Crecente, Valga e Pazos de Borbén e os centros vigueses de Lavadores e rúa Cuba, mentres que xa está en marcha as obras de construción do novo CIS de Lalín e a piques de finalizar as obras de reforma do centro de saúde do Porriño.

Para continuar con este esforzo, en 2021, o Goberno galego aprobou o Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria que, no caso da provincia de Pontevedra, prevé a construción de trece novos centros de saúde e dúas reformas e ampliacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRATA 41 PRAZAS PÚBLICAS EN RESIDENCIA NOS CONCELLOS DE MONDOÑEDO E VILALBA

Este acordo, que permite incrementar as prazas públicas, conta cun investimento global de 5,4 millóns de euros

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe da contratación de 41 novas prazas públicas en residencia nos concellos de Mondoñedo e Vilalba, que se licitarán por un período inicial de dous anos, prorrogables ata un máximo de cinco. O investimento, sumando prórrogas, ascenderá a 5,4 millóns de euros.

Este novo acordo permitirá financiar este servizo nestes concellos da provincia de Lugo. O Goberno galego busca garantir que as persoas maiores poidan recibir atención de calidade vivan onde vivan. Neste sentido, estas prazas permitirán responder ao envellecemento da poboación das zonas menos poboadas e ás características territoriais da nosa Comunidade.

A Xunta ten entre os seus eixes prioritarios de acción a atención ás persoas de máis idade. Por iso, desde o 2009 Galicia triplicou a oferta de prazas sostidas con fondos públicos en residencias de maiores, ao pasar de 5000 a máis de 14.000.

Ademais de incrementar as prazas en centros residenciais, o Goberno galego aposta por iniciativas de proximidade que permiten que as persoas de máis idade permanezan na contorna. Así, desde a Administración autonómica estanse a impulsar medidas como a teleasistencia, o programa de coidados porta a porta ou o xantar na casa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA CELEBRA O BO MOMENTO DO SECTOR LÁCTEO GALEGO CON 18 MESES SEGUIDOS DE INCREMENTO DOS PREZOS PAGADOS AOS GANDEIROS QUE FAVORECEU UNHA CIFRA RÉCORD DE FACTURACIÓN

- Subliña que o sector acadou os 1.306 M€ de facturación en 2022 pola venda de leite, un máximo histórico e que supón un 35% máis que no 2021
- Destaca que Galicia se consolida como "líder nacional" en produción de leite e está "entre as dez principais rexións produtoras de toda Europa"
- O Consello da Xunta tomou razón dun informe sobre este eido produtivo que reflicte, entre outras conclusións, que aumentaron tanto os prezos pagados aos gandeiros polo leite como os dos produtos lácteos nos lineais
- Así, o incremento anual dos prezos medios do leite foi do 64,61 % e o dos prezos nos lineais de arredor dun 39 %, unhas subidas que máis que compensaron o aumento dos custos de produción, cifrados na contorna do 11,2 %
- O rendemento medio por explotación aumentou en Galicia un 73,7 %, por riba do dato de España, o que amosa que as granxas galegas son cada vez máis eficientes e competitivas
- Estes bos datos enmárcanse na aplicación da Estratexia de dinamización do sector lácteo galego (2020-2025), impulsada pola Xunta de acordo cos axentes deste eido produtivo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe o bo momento que vive o sector lácteo galego, especialmente no que atinxe á constante subida dos prezos pagados aos gandeiros polo seu produto nos últimos meses e que levou a rexistrar máximos de facturación pola venda de leite. "O sector acadou en 2022 un récord de facturación ao alcanzar os 1.306 millóns de euros, un 35,2% máis que no 2021", indicou o presidente, quen subliñou que se trata dun sector "fundamental para a economía galega".

Rueda lembrou que Galicia "é líder nacional en produción de leite" -concentra o 41% do total de España- e "está entre as dez principais rexións produtoras de toda Europa". Nesta liña, puxo en valor que os últimos datos non só consolidan a comunidade senón que demostran que a Estratexia de dinamización do sector lácteo que a Xunta puxo en marcha en 2020 "foi unha medida acertada".

Tal e como explicou o presidente, un informe avaliado hoxe no Consello indica que o prezo que se lle paga aos gandeiros polo leite leva 18 meses consecutivos de incremento. Esta suba máis que compensou o aumento dos custos de produción, polo que as marxes das gandaría de Galicia melloraron no 2022 respecto do ano anterior. Así, cómpre

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sinalar que os custos de produción aumentaron un 11,2 %, pero o incremento dos prezos pagados aos gandeiros foi do 64,61 % e os prezos nos lineais medraron arredor dun 39 %.

O informe tamén reflicte, entre outras conclusións, que o prezo medio pagado polo leite en Galicia en decembro de 2022 "chegou ata os 58,6 céntimos/litro", cun incremento anual superior nunhas décimas ao rexistrado no conxunto de España.

Con respecto á facturación total das gandarías, se lle sumamos á venda do leite as vendas de animais, as axudas da PAC, a achega extraordinaria pola invasión rusa de Ucraína e outros ingresos, estímase que a cifra chegou aos 1.568,95 millóns de euros.

Ademais, tal e como resaltou Rueda o informe amosa que "o rendemento medio por explotación aumentou en Galicia un 73,7 %, dez puntos por riba do dato de España", que foi do 62,8%. Isto significa que as granxas galegas son cada vez máis eficientes e incrementan a súa competitividade.

Ao tempo, o estudo reflicte tamén que se está a rexistrar un aumento progresivo da industrialización en Galicia do leite producido na nosa comunidade. Así, no ano 2021 transformouse en Galicia o 63,23 % do leite producido, avanzando cara ao obxectivo marcado pola Estratexia de dinamización do sector, establecido no 75 % para 2025.

Segundo o informe, no 2022 incrementáronse tanto os prezos pagados aos gandeiros polo leite como os dos produtos lácteos nos lineais da distribución. Neste sentido, os prezos do leite enteiro e desnatado en España aumentaron nos lineais desde decembro de 2021 arredor dun 39 % e o incremento dos prezos doutros derivados lácteos (queixos, iogures) oscila entre o 23 e o 26 %.

Polo tanto, os principais indicadores sectoriais reflicten unha situación xeral de estabilidade que permite, entre outras cousas, que Galicia continúe como líder nacional indiscutible (acumula, con 2,9 millóns toneladas, preto do 41 % da produción total española). A maiores, o leite producido en Galicia supera tamén nas súas calidades (contido en graxa e proteína) a media española. Por outra banda, a nosa comunidade segue mantendo o peso nacional en número de explotacións, representando o 56,4 % do total de España (no 2015 esta porcentaxe era do 56,2 %).

Estratexia sectorial

Estes bos datos do sector leiteiro enmárcanse na aplicación da Estratexia de dinamización do sector lácteo galego (2020-2025), impulsada pola Xunta de acordo cos axentes deste eido produtivo. Esta planificación configura este sector como estratéxico para o rural de Galicia, xa que achega o 1,5 % do PIB da comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta Estratexia busca contribuír a consolidar Galicia como referente neste eido, con fitos como a mellora progresiva dos prezos ou o reforzo da posición negociadora dos gandeiros. A Estratexia traballa en cinco grandes eixes: a produción, a industria, os mercados, a cadea de valor e a formación e innovación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A POLICÍA AUTONÓMICA PRESTA VIXILANCIA E PROTECCIÓN A 270 MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- As distintas xefaturas da unidade contan con 91 axentes que asumen as funcións en materia de protección de vítimas de violencia de xénero en coordinación coa Policía Nacional
- A Xunta advirte de que a actividade da Policía Autonómica se ve afectada pola continua redución de efectivos ao mesmo tempo que asumen un incremento progresivo de funcións

O Consello da Xunta informou hoxe das actuacións levadas a cabo pola Policía Autonómica (UPA) en materia de violencia de xénero prestando protección a 270 vítimas nas distintas xefaturas da unidade. En concreto, 97 na da Coruña, 68 na de Vigo, 36 na de Santiago, 31 na de Lugo, 22 na de Ourense e 16 na de Pontevedra. Ao longo do ano pasado 563 mulleres tiveron protección policial, xa que neste cómputo ademais das 270 que se manteñen activas no sistema de protección, inclúense as 240 que quedaron inactivas polas circunstancias que motivaron o risco e as 53 traspasadas a outros corpos de seguridade por cambio de domicilio da vítima.

A Policía autonómica asumiu competencias na materia en setembro de 2016, tras asinar un protocolo de coordinación coa Xefatura Superior de Policía de Galicia que supuxo, entre outros aspectos, integrar o punto de coordinación das ordes de protección de Galicia co sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (Sistema Vioxén). Posteriormente, os axentes da UPA recibiron formación específica, tanto teórica como práctica.

As funcións que desenvolven os axentes pasan, fundamentalmente, por desprazar medios ante avisos de episodios de violencia, en colaboración coa Policía Nacional; prestar atención singularizada á vítima, a través de información detallada sobre procedementos legais, institucións de apoio...; o traslado das vítimas ao centro asistencial cando teñan sido agredidas, así como á comisaría para proceder á denuncia; a recollida de datos sobre o agresor e posta en marcha de medidas de seguridade oportunas, e a adopción das medidas de protección establecidas nos correspondentes protocolos, tendo en conta o nivel de risco da vítima.

O traballo dos efectivos da Policía Autonómica do sistema Vioxén permitiu a detención dun total de 4 persoas ao longo de 2022. Neste período tamén realizaron outras actuacións destacables como 2.515 identificacións -case o dobre que no exercicio anterior-, e máis de 23.200 accións de contravixilancia na contorna da vítima ou do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

agresor. Ademais, mantiveron máis de 6.700 contactos coas vítimas e elaboráronse máis de 2.400 informes e valoracións de risco das vítimas.

As actuacións iníciáanse de oficio, por instancia das vítimas ou por requirimento de terceiros, en calquera das sedes da unidade, pero de forma habitual actúase a instancias do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 Galicia, desde onde se centralizan a maioría das alarmas relacionadas con esta materia.

Desde o ano 2019, a Policía Autonómica está integrada no operativo do 112 Galicia coa presenza diaria dun axente especializado nesta materia que se encarga de desviar as incidencias ás correspondentes xefaturas provinciais e á local de Vigo, co obxectivo de acadar un seguimento máis inmediato.

Na actualidade as unidades de prevención, asistencia e protección ás vítimas de violencia de xénero do sistema de protección Vioxén da Policía Autonómica contan con 91 policías, o que demostra a prioridade deste programa para a Xunta.

Así pois, malia a perda de efectivos e de ter asumido outras funcións que precisan de persoal operativo permanente como a vixilancia das rutas xacobeas, a loita contra o furtivismo ou os delitos relacionados contra o medio ambiente, a Policía Autonómica segue a manter o nivel de actividade en materia de violencia de xénero con 5 axentes máis que os 86 de media anual entre 2016 e 2021.

Cómpre destacar o compromiso da Xunta coas funcións asumidas pola Policía Autonómica malia á continua redución de efectivos cun total de 362 axentes, o 73 % dos 500 que lle corresponderían, motivo polo que o Goberno galego xa reclamou en reiteradas ocasións ao Ministerio do Interior que cubra as prazas vacantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE A XUNTA TEN MOBILIZADO O 100 % DOS 1.122 M€ DOS FONDOS EUROPEOS RECIBIDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

- Denuncia retrasos “sen moita razón” da partida asignada a Galicia, xa que o Executivo central aínda non transferiu 144 M€ do global comprometido
- Destaca que a Xunta xa destinou a concellos o 93 % destes fondos recibidos, que contrapón co 43% destinado a entidades locais por parte do Goberno de España
- Pide ao Executivo de Pedro Sánchez a “mesma axilidade” ca Xunta para que cheguen a Galicia as partidas que precisan os proxectos tractores galegos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que o Goberno galego ten mobilizados “o 100 %” dos 1.122 millóns de euros recibidos ata o de agora dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR). No entanto, advertiu de que a Galicia fáltanlle aínda 144 millóns dos 1.266 millóns de euros que ten asignados. “Porque asignar non quere dicir recibir”, apuntou a este respecto, ao tempo que lamentou que o 40 por cento do achegado á comunidade foi nos últimos seis meses.

En todo caso, puxo en valor que a pesar destes “retrasos sen moita razón” e das “dificultades” Galicia cumpriu cun nivel de “execución moi notable” dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia recibidos. Así, apuntou a que dúas terceiras partes destes 1.122 millóns -747 M€- xa teñen publicadas a súa convocatoria, “e a metade destes millóns xa chegaron aos seus destinatarios”, engadiu.

O mandatario galego explicou que, na práctica, isto se traduce en que a Xunta xa está dando apoios grazas a estes fondos que están “perfectamente identificados”. En concreto, precisou que foron dirixidos a 7.000 autónomos, 370 empresas, 12 entidades do sector público, máis de 27.000 persoas físicas e 130 organismos públicos, entre clústeres e asociacións.

Rueda fixo fincapé no feito de que, dos fondos europeos orzamentados pola Xunta de Galicia destinados a entidades locais, o 93 por cento -60 millóns de euros- xa foron executados, unha porcentaxe que contrapuxo coa partida recibida polos municipios directamente do Goberno central, e que situou nun 46,2%, “menos da metade da execución da Xunta”, remarcou.

Demanda da mesma axilidade ao Goberno central

Estes datos amosan -segundo subliñou o presidente galego- que o Goberno galego “segue sendo áxil”. “E isto dámos dereito a pedir a mesma axilidade”, en referencia aos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fondos europeos e que defendeu que o Goberno central ten que pór á disposición dos proxectos tractores galegos. Neste senso, denunciou que, ata agora, Galicia "só recibiu o 3,5 % da axuda comprometida nos PERTE".

No caso de Galicia, trátase de proxectos vitais para o seu futuro económico e laboral, como son a plataforma para a fabricación dos novos modelos do vehículo eléctrico de Stellantis en Vigo; factoría de grafito -tamén para vehículos eléctricos- que Resonac (antiga Showa Denko) pretende situar na Coruña; a fábrica de fibras téxtiles que Altri propón construír en Palas de Rei (Lugo); ou a futura planta de pneumáticos de Sentury Tire no municipio coruñés das Pontes.

Por estes motivos, considerou "especialmente oportuno" que coincidise o informe sobre a execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia presentado hoxe ao Consello da Xunta coa visita da comisión do Parlamento europeo para examinar a xestión destes fondos. "Agardo cambios e que se axilicen", defendeu en referencia a trámites "farragosos" e excesivamente "burocráticos", ao tempo que insistiu na necesidade de "descentralización" para que estes "recursos cheguen canto antes". "Aínda estamos a tempo, pero cada vez queda menos tempo", advertiu.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA DE CARA Á CONSTITUCIÓN DOS PLENOS DOS NOVOS ÓRGANOS DE GOBERNO DE 15 CONSELLOS REGULADORES AGROALIMENTARIOS TRAS AS ELECCIÓN DO DOMINGO

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o balance do proceso electoral polo que seis consellos reguladores celebraron o día 19 votacións en parte dos seus censos, mentres noutros nove houbera candidaturas únicas ou se chegara a pactos entre listas
- Pendentes de posibles reclamacións ás votacións que se poden presentar ata mañá, quedaría establecida a repartición de vogais para logo, entre o 27 de febreiro e o 10 de marzo, poder constituír os 15 plenos e elixir as súas presidencias e vicepresidencias
- En cifras, cabe destacar os preto de 22.000 censados nos 15 consellos reguladores chamados a renovarse, os case 160 vogais a elixir e as preto de 120 candidaturas, así como os máis de 9.500 electores que estaban convocados ás votacións do domingo
- Do proceso electoral excluíronse 11 dos 26 consellos reguladores do ámbito agroalimentario, polo seu menor tamaño

A Xunta de Galicia, coa organización da xornada electoral do pasado 19 de febreiro, deu un paso decisivo no proceso de renovación dos órganos de goberno de 15 consellos reguladores do ámbito agroalimentario. Tal e como coñeceu hoxe o Consello da Xunta, nesa xornada votaron só parte dos inscritos en seis destas entidades, xa que houbera moitos censos nos cales se rexistraron candidaturas únicas e pactos de repartición. Mentres, noutros nove consellos reguladores nos cales se presentaron candidaturas únicas ou nos cales, habendo máis dunha candidatura, a totalidade das proclamadas chegaron a acordos de repartición de vogalías, o proceso de eleccións xa se deu por rematado.

Así as cousas, pendentes de posibles reclamacións ás votacións que se poden presentar ata mañá -logo a Consellería do Medio Rural ten de prazo para resolver ata o 1 de marzo- quedaría establecida a repartición de vogalías nos 15 consellos reguladores chamados a renovarse. Deste xeito, entre o 27 de febreiro e o 10 de marzo poderán constituírse os 15 plenos e elixir as presidencias e vicepresidencias correspondentes.

En cifras, cabe destacar os 21.778 censados nos 15 consellos reguladores chamados a renovarse, salientando o caso do Consello Regulador da denominación de orixe Rías Baixas, con 5.140, e o das indicacións xeográficas protexidas de Carne de Vacún de Galicia, con 8.065 censados. Tamén os 157 vogais a elixir, as 117 candidaturas presentadas en total, así como os máis de 9.500 electores que estaban convocados ás votacións do domingo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nove consellos reguladores con candidaturas únicas ou pactos

Tras a convocatoria do proceso electoral en 15 consellos reguladores do ámbito agroalimentario galego mediante a orde da Consellería do Medio Rural publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o pasado 10 de novembro, nove foron as entidades que decidiron antes a súa repartición de vogais, ao ter censos onde se presentaron candidaturas únicas ou nos cales, habendo máis dunha candidatura, a totalidade das proclamadas chegaron a acordos electorais de repartición de vogalías.

Así, na denominación de orixe (DO) Ribeira Sacra, corresponden 8 vogais á candidatura independente de Viticultores e Adegoeiros da Ribeira Sacra, 3 á candidatura independente dos Vitivinicultores de Ribeira Sacra e 1 á candidatura independente de Viticultores non Comerciais. Mentres, no Consello Regulador das indicacións xeográficas Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, a candidatura profesional Augardentes e Licores de Galicia foi a única presentada, logrando un total de 10 vogais.

No caso dos queixos, a denominación de orixe protexida (DOP) Arzúa-Ulloa ten 2 vogais para Unións Agrarias (UUAA) e 1 para a Asociación Agraria de Galicia (Asaga), no caso dos produtores; mentres na industria hai 3 vogalías para a Candidatura Independente Pequenas Queixerías da DOP Arzúa-Ulloa e outras 3 para a Candidatura Independente Queixerías da DOP Arzúa-Ulloa. Na DOP Queixo Tetilla quedan tamén 2 vogais para Unións Agrarias e 1 para a Asociación Agraria de Galicia, no caso do sector produtor; mentres no industrial houbo unha candidatura única correspondente a Queixerías da DOP Queixo Tetilla, que ten 5 vogais. Na DOP San Simón da Costa, pola súa banda, hai 2 vogais de UUAA no caso dos produtores e 5 para a candidatura independente Queixeiros de San Simón no das industrias.

Na indicación xeográfica protexida (IXP) Pataca de Galicia, no sector produtor Unións Agrarias ten 2 vogalías, e Asaga, a Federación Rural Galega (Fruga) e o Sindicato Labrego Galego (SLG) contan con 1 vogal cada un; mentres no sector industrial a Candidatura Independente Envasadores de Pataca de Galicia ten 5 vogais. Na IXP Pan de Cea houbo unha candidatura única denominada Candidatura Independentes de Cea, con 4 vogais, no único censo de elaboradores.

Na indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia, a repartición é de senllos 3 vogais tanto para Unións Agrarias como para a Asociación Agraria de Galicia, no caso da produción; mentres no sector industrial a candidatura única correspondente á Candidatura Independente Procesadores de Castaña de Galicia queda con 6 vogais. Para rematar, no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), no sector produtor, repártense 2 vogais para UUAA, outros 2 para Asaga e outros 2 para o SLG. No

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sector industrial, a Asociación Clúster da Alimentación Ecolóxica de Galicia, única presentada, queda con 7 vogais.

Seis consellos reguladores que foron a eleccións

Así, ao proceso de votacións do pasado domingo 19 de febreiro -que transcorreu sen incidencias- só se presentaron determinados censos de seis consellos reguladores. En concreto, estaban chamadas a votar nesta xornada máis de 9.500 persoas, tanto físicas como xurídicas. Non eran a totalidade dos inscritos nestes consellos reguladores xa que houbo moitos censos nos que se rexistraran candidaturas únicas e pactos de repartición. Finalmente, foron votar máis de 3.600 electores e a participación oscilou entre o 92,3 % na denominación de orixe Monterrei e o 26,6 % na DO Ribeiro.

A proclamación de vogais tras estas votacións tivo lugar o pasado martes 21 de febreiro. Así, e tendo en conta os vogais xa proclamados con anterioridade por corresponder a censos con listas únicas ou con pactos electorais de repartición, no caso do Consello Regulador das IXP das Carnes de Vacún de Galicia, a Asociación Galega da Carne (Asogacarne) ten 8 vogalías, a Asociación Agraria de Galicia conta con 3, a Asociación de Gandeiros Galegos de Suprema ten 2 vogais, Unións Agrarias outros 2 e o Sindicato Labrego Galego 1. Todo despois de que este domingo se producise a votación no censo de gandarías tradicionais e a lista máis votada fose a da Asociación de Gandeiros Galegos de Suprema.

No Consello Regulador da DO Monterrei, hai 2 vogais da Federación Rural Galega, 2 para a Asociación Agraria de Galicia, outros 2 para Unións Agrarias e 1 vogal para Terras do Cigarrón. Isto a expensas de posibles reclamacións despois das votacións do domingo no censo de adegas de menos de 30.000 litros, onde a lista máis votada foi a da Fruga.

Respecto do Consello Regulador da DO Rías Baixas, quedarían 7 vogalías para a Asociación Empresarios Bodegueros y Viticultores Rías Baixas, 5 para a Asociación Agraria de Galicia, 4 para a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca), 2 vogais de Sindicato Labrego Galego e outros 2 para a Agrupación Profesional de Viticultores Rías Baixas. Mentres, Unións Agrarias e a Asociación Adegas do Salnés teñen 1 vogal cada unha. Cabe recordar que o domingo se votou en tres censos desta denominación. En concreto, no de viticultores de máis de dúas hectáreas do Condado de Tea e Soutomaior -onde a lista máis votada foi a do Sindicato Labrego Galego- e no mesmo censo das subzonas do Val do Salnés e da Ribeira do Ulla -onde a lista máis votada foi a da Agrupación Profesional de Viticultores Rías Baixas-. Dentro do sector industrial, só houbo votación no censo correspondente a adegas de menos de 100.000 litros e liderou a Asociación Agraria de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No Consello Regulador da DO Ribeiro, quedan 3 vogais para a Asociación Agraria de Galicia, 3 vogais para a Cooperativa Viña Costeira, 2 para Unións Agrarias, 1 vogal para Candidatura Independente de Adegas e outro vogal para a Asociación Galega de Vitivinicultura Artesanal. Todo a expensas de posibles reclamacións despois de que o día 19 votase o censo de viticultores, no que venceu a lista de UUA.

Segundo co Consello Regulador da DO Valdeorras, 2 vogais son para a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, outros 2 para a Candidatura Independente Viticultores Independentes Valdeorras, 1 vogal para a Candidatura Independente por unha DO Valdeorras de Prestixio e Calidade, outra vogalía para a Candidatura Independente Ruvirco, outro vogal para a Candidatura Independente Adegas Calidade Valdeorras e un último para o SLG, logo do sorteo realizado pola Xunta Electoral ao estar esta candidatura empatada en votos coa de Asaga. Isto sempre que non se presenten reclamacións despois de que se votase o domingo no censo de viticultores de maior dimensión económica, no que a lista con máis apoios foi a da Candidatura Independente Viticultores Independentes de Valdeorras, e no censo dos viticultores de menor dimensión, no que gañou tamén Viticultores Independentes de Valdeorras. Dentro do sector industrial, tan só se votou no censo das adegas de menor dimensión, sendo a lista con máis apoios a da Candidatura Independente Adegas Calidade Valdeorras.

Por último, no referido ao ocorrido tras as votacións do domingo, no Consello Regulador da IXP Mel de Galicia atribúense 6 vogalías á Agrupación Apícola de Galicia e 3 a Erica Mel Sociedade Cooperativa Galega, despois de que hai dous días se votase no censo de apicultores con máis de 400 colmeas e a lista máis votada fose a de Erica Mel SCG.

Tras as eleccións, a previsión é que entre o 27 de febreiro e o 10 de marzo se realice xa a constitución dos 15 plenos dos novos órganos de goberno dos consellos reguladores sometidos ao proceso de renovación e a elección das persoas que ocuparán as súas presidencias e vicepresidencias.

Consellos excluídos

Cabe engadir que na convocatoria de eleccións excluíronse 11 dos 26 consellos reguladores do ámbito agroalimentario existentes na actualidade, polo seu menor tamaño. Estes consellos reguladores son os das denominacións de orixe protexidas Cebreiro e Pemento de Herbón e os das indicacións xeográficas protexidas Lacón Gallego, Faba de Lourenzá, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto, Pemento da Arnoia, Pemento de Oímbra, Pemento de Mougán e Pan Galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, prorrogouse o seu mandato por un período de ata dous anos, á espera das novidades que de cara á mellora do seu funcionamento incorporará a futura Lei da calidade alimentaria e o regulamento que a desenvolva.

Enlace á web de Medio Rural con información sobre o proceso electoral:
<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/alimentacion/elecciones-consellos-reguladores-2023>

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

